

TABACO

O tabaco é unha das drogas legais máis coñecidas. O seu principal compoñente é a nicotina, unha **sustancia estimulante** do Sistema Nervioso Central.



COMPOSICIÓN E PRESENTACIÓN

Un cigarro contén máis de 4000 substancias distintas, entre as que destacan os alquitráns, o monóxido de carbono, diferentes irritantes como acetona e amoníaco, e a nicotina (causante da adicción ao tabaco).




FACTORES QUE INFLÚEN

Características da substancia: o tipo de tabaco, a dose, como se consome, as mesturas que se fan e a frecuencia coa que se fume.

Características do contexto: as relacións sociais que se teñan, con quen se fume, situacións nas que se fume e motivos polos que se fume.

Características individuais: o peso, a idade e as características psicolóxicas.



TABACO E ADOLESCENCIA

O tabaco é unha substancia legal socialmente aceptada e moi accesible, polo que a súa percepción de risco é baixa, especialmente na adolescencia, periodo no que **o cerebro e os pulmóns** non están plenamente desenvolvidos polo que ao consumir tabaco se expoñen a importantes riscos.



PERSOA FUMADORA PASIVA

Aquela persoa que, **sen ser fumadora**, está exposta con frecuencia ao aire contaminado polo fume do tabaco doutras persoas, e se expón aos mesmos riscos que as persoas fumadoras.



ELIMINACIÓN

A cantidade exacta do tempo que tarda a nicotina en eliminarse varía. Tarda máis en aquelas persoas que fumaron con máis frecuencia durante máis tempo.



ALGÚNS DATOS

A idade de inicio no consumo de tabaco relaciónase coa dependencia do tabaco e a dificultade para deixar de fumar

Se se padece algunha enfermidade respiratoria ou cardiovascular, se é especialmente vulnerable ao consumo de tabaco, podendo agravar a enfermidade.

O tabaco contéplase como unha das substancias máis mesturadas, tanto con estimulantes como con depresoras, o que incrementa e acelera o seu consumo.

O tabaco supón un risco engadido para a saúde das mulleres, xa que diminúe o nivel de estróxenos, o que provoca alteracións no ciclo menstrual, na fecundidade e na menopausia.